

## A colección de ourivería *Christofle* do Museo de Pontevedra

O Museo de Pontevedra posúe unha importante colección de ourivaría da Casa Christofle, que pertenceron ás irmás Concha e María Mendoza Babiano, sobriñas netas do ilustre mariño Casto Méndez Núñez.

Prudencio Landín refírese a elas na súa obra<sup>1</sup> como “*dos damas del ilustre linaje de Méndez Núñez*”. E é que falar das Mendoza, que así era como se coñecían na cidade de Pontevedra, supón falar da cultura e dunha familia burguesa daquelas que se forxaron desde xeracións atrás e que, ademais de destacar pola súa formación en idiomas, pola destreza da súa oratoria dentro de círculos frecuentados por todo tipo de personaxes importantes do elenco cultural do momento, pola súa participación en moitas das actividades que se realizaban en Pontevedra, foron pezas fundamentais para dar esa pincelada pintoresca e renovadora a unha cidade que do mesmo xeito que moitas outras cidades españolas, estaba a experimentar grandes cambios.

Destacadas foron por todos aqueles que as coñecían como unhas mulleres xenerosas e leais na súa amizade, a pesar das impresións de frívolas e superficiais que algúns sostiñan sobre elas. En palabras de Filgueira Valverde “eran mujeres sensacionales, de convicciones y principios firmes”<sup>2</sup>. Do que non hai dúbida é que as Mendoza, protagonizaron un papel importantísimo na vida social e cultural da cidade. A súa casa funcionaba a modo de Liceo, reunindo a todas as persoas máis destacadas dentro do ámbito cultural, para realizar debates, encontros musicais, faladoiros ou recitais poéticos. Ao mesmo tempo, exercían a modo de embaixadoras ou cónsules da cidade, recibindo a todas aquelas personalidades que chegaban á “Boa Vila” desde os distintos lugares do mundo. Elas representaban a esa clase burguesa do século XX, con gran poder dentro dunha cidade que as respectaba e as valoraba xa non só pola súa intelixencia, senón tamén polos seus dotes artísticos, herdado s en gran parte da súa nai.

O nivel socio económico e cultural desta familia reflíctese, entre outras moitas cousas, no seu gusto pola moda, a decoración da súa casa e polo seu interese cara ás tendencias procedentes do estranxeiro, feito que constatamos coa presenza das pezas de ourivaría da casa francesa Christofle, que formaban parte da súa significativa colección de obxectos artísticos.

---

1 LANDÍN, P. , *De mi viejo carnet*.

2 *El Palacete de las Mendoza*, Exposición de Fundación Caja Madrid, Agosto- setembro 1994.

## **A ourivería civil: a moda francesa no mobiliario pontevedrés**

A moda nos séculos XVIII e XIX estivo marcada por París, capital que exerceu un importante influxo como referente estilístico para os países de Europa, entre eles, España.

Todas aquelas pequenas tendas ou comercios que querían lexitimarse e estar ben considerados sempre ofrecían á súa clientela produtos elaborados en Francia e sobre todo procedentes da capital parisiense, e aínda que non se asemellaban aos grandes almacéns franceses nin en tamaño nin en ofertas de venda, conseguían que os devanditos produtos tamén se consumisen en España e nas súas principais cidades.

O auxe deste mercado produciuse en gran medida tras a aparición dos Grandes Almacéns parisienses en torno ao ano 1852, o que se viu favorecido polo enorme desenvolvemento industrial, que permitía a realización e produción en serie de diferentes produtos, dando resposta a unha maior demanda e a unha variedade maior, descoñecida ata o momento.

A Exposición Internacional de 1855 reflectiu esta realidade e permitiu aos consumidores observar un novo modelo de compra-venda no que eles mesmos podían escoller mediante catálogo un produto, observalo e mesmo devolveo. Por mor desta práctica xorden os catálogos de venda por correo, que, traducidos a distintos idiomas, permitiron que estas obras francesas chegasen a case todos os recunchos do mundo.

## **A marca Christofle**

A casa Christofle é unha empresa que conta cunha longa historia e tradición, o que a converteu nun dos emblemas máis significativos do país galo, alcanzando un destacado lugar no traballo da ourivaría e a xoiería.

O seu fundador, Charles Christofle, comezou aos dez anos como aprendiz na xoiería do seu irmán, traballando na fabricación de xoias e o dourado e prateado de pezas de ourivaría. No ano 1839 funda a súa primeira empresa “Charles Christofle e Compañía”, que contaba con 50 empregados ao seu cargo. Dedicada ao prateado de pezas, máis que ao dourado, mediante procesos de electrólises e galvanoplastia que supoñían unha revolución para o momento, conseguían darlle aos obxectos a aparencia da prata, cando en realidade se trataba de aliaxes doutros metais con prata, aínda que nalgúns casos, tamén se realizaban obxectos deste material nobre.

A burguesía do momento, que non pretendía facer grandes investimentos en opulentos enxovais, non renunciaba á súa vez ao luxo e á ostentación dun bonito deseño, polo que viron nestas pezas a solución á súa demanda, pois conseguían o efecto e brillo da prata a un custo máis reducido.

Os antigos ourives reaccionan designando a estes obxectos como “falsificacións”, emitindo duras críticas, o que desemboca nun excesivo control á hora de efectuar a súa venda, tendo que, entre outras cousas, identificar estes obxectos con diversas marcas que permitisen coñecer a súa factura e os materiais que foran empregados para a súa elaboración.

Aínda que foi notorio o rexeitamento que sufriu nun primeiro momento e numerosas as críticas recibidas aos seus procesos de fabricación, o triunfo da marca Christofle chegou da man do favor do rei Luís Felipe ao redor do ano 1847 e, posteriormente, do emperador Luís Napoleón. Desde ese momento comezou a súa extensa fabricación a nivel nacional e internacional, quedando plenamente consolidada e recoñecida na Exposición de Londres de 1851 e, pouco despois, na Exposición Universal de 1855 que tivo lugar en París, no Pavillon de Hanovre, onde obtivo a Medalla de Ouro.

A casa Christofle foi ampliando fronteiras e, aínda que atravesou fochancas importantes debido ás grandes crises económicas e ás penurias da Primeira Guerra Mundial, conseguiu manterse dentro dun ámbito familiar, pois os continuadores de Charles foron o seu fillo e o seu sobriño Henri, este último un brillante químico que introduciu un revulsivo na fabricación dos materiais dentro da marca.

En España temos datos da presenza desta firma no ano 1849, nalgunhas xoierías afincadas en Madrid, que facían publicidade da excelencia e o bo gusto dos produtos desta casa. Un exemplo recollémolo no xornal *La Época* do 29 de xullo de 1862 onde, tras unha crónica da Exposición Internacional de Londres, faise unha extensa descrición sobre Christofle e os seus traballos: (...) *La plazoleta del centro, punto de honor de la exposición francesa, está ocupada por Mr. Christofle y compañía, cuyas magníficas obras de arte en oro, plata y en otros metales, habrán admirado ya muchos de los lectores de La Época en los boulevares de París, en donde aquel tiene sus almacenes. Este artista es el inyector del procedimiento electro-químico para dar a los metales menos preciosos el aspecto y la superficie de la plata y del oro, industria que tan inmenso desarrollo ha tomado de algunos años a esta parte; a cuyo mérito reúne el haber llegado al último grado de perfección en el trabajo mecánico de las piezas que salen de sus talleres y de haber reducido su valor a un precio fabulosamente barato. El nombre de Christofle tiene hoy reputación europea, justificada por haber merecido la gran medalla de honor de la exposición de 1855. Su especialidad consiste principalmente en objetos para adorno y servicio de mesa de comer. La gran pieza ovalada de seis metros de longitud que ostenta en el centro de la plazoleta y que fue encargada por el Hotel de Villa de París para ocupar el puesto central de los grandes festines oficiales, basta por sí sola para establecer la reputación de un artista de primer orden, siendo como es una de las obras primorosas que han salido de manos del hombre. Tiene además Mr. Christofle gran número de variados servicios de todas clases, muchos de ellos destinados a reyes y emperadores: allí se ven servicios de tres mil o cuatro mil reales, y aun de menos, que en nada se distinguen de otros iguales de plata que tienen al*

*lado y que valen diez o doce veces más. ¡Qué alhajas tan á propósito, dice uno, para un regalo hagan apañío! La única dificultad estaría en la elección. Pero... ¿Qué dejamos para los demás artistas si tanto nos detenemos con Mr. Christofle? (...)*<sup>3</sup>

A empresa de Charles Christofle nos seus distintos anuncios en prensa, sinalaba a boa situación comercial da que gozaban e, en España, facíano a través daquelas xoierías de renome que na capital representábanos, como é o caso da Xoiería dos Irmáns Melliure ou a Xoiería de Eugenio Jourdan e Compañía, con anuncios nos que se fai eco da prestixiosa firma<sup>4</sup>:

*(...) Se debe servir de esta platería por los motivos siguientes: Porque los productos de nuestra casa son por su peso, su sonido, su calidad y su duración de una perfección capaces de desafiar al ojo más ejercitado y el espíritu más prevenido.*

*Porque nuestros servicios de platería plateada, además de la reducción de sus precios, evaluados en cuatro quintos de los de plata, no pierden cada año, como estos últimos 6 á 7 por 100 de su valor intrínseco, tanto por la pérdida de los intereses sobre un valor considerable sobre un valor considerable, como el gasto de la plata.*

*Estas consideraciones justifican el favor de que goza en lo sucesivo la platería Christofle en la opinión pública y las brillantes recompensas concedidas a nuestra industria, cuyo buen éxito nos ha creado numerosos falsificadores.*

Por este último motivo e, ante a necesidade de seguir mantendo a súa fidelidade e autenticidade fronte á súa esixente clientela, Charles Christofle estipula unhas marcas de autoría e de fabricación que todas as súas pezas portarán e, que permitirán así ao cliente, asegurarse da súa orixinalidade. Christofle diseña distintos cuños en función da liña ou materiais que conteñan as pezas. Deste xeito puidemos identificar selos para os materiais de prata, para os realizados en alpaca, para aliaxes con níquel ou para aliaxes con estaño, marcas que tamén se viron sometidas a algúns cambios iconográficos dependendo a etapa de produción da empresa dentro da que se encadran.

Aquí mostramos varios exemplos, organizados en grupos en función da súa cronoloxía e tipo de material:

---

3. “La Exposición Internacional de Londres”, *La Época*, Madrid, martes 29 de xullo de 1862.

4. “Platería Christofle”, *Diario Oficial de Avisos de Madrid*, Madrid, martes 11 de outubro de 1859.



Poinçon de maître avant 1935



de maître depuis 1935



Poinçon tête de Minerve



De 1844 à 1862



De 1862 à 1935


Este punzón correspóndese coa marca de fábrica e contéñeno aquelas pezas de prata que foron fabricadas antes do ano 1935.

Este punzón correspóndese coa marca de fábrica realizada para as pezas de prata a partir de 1935, e pódese observar o cambio das iniciais, que deixan de ser Charles Christofle por Orfevrié Christofle. Tamén se abandona a forma de prisma pola de rombo.

A este punzón de garantía denomínaselle “Cabeza de Minerva”, que é para as pezas de prata pura que hoxe se identifican co número 925.

Primeiro punzón que se elabora para identificar a fábrica nas pezas de alpaca entre 1844 e 1862. Estas conteñen aliaxes de prata con cobre, níquel, latón e outros materiais mediante procesos de electrólises (na maioría das ocasións cobre).

Segundo punzón que se elabora para identificar as pezas de alpaca realizadas no período que comprende desde os anos 1862 a 1935. A elipse inclúese dentro dun cadrado raiado por orde do Estado francés, para controlar a garantía de calidade destas pezas.



Depuis 1935

Terceiro punzón que se elabora para identificar aquelas pezas de alpaca que se realizan despois de 1935. Aquí observamos xa outro cambio, e é que se abandonan as iniciais de Charles Christofle polas de Orfevrèria Christofle.



Punzón desenvolto para as pezas de alpaca que se atopa desde 1935 ata 1983.



Punzón que se estampa nas pezas de alpaca realizadas despois de 1983.



Este punzón utilízase para recoñecer aquelas pezas denominadas “gran ourivaría”, as cales están realizadas a base de aliaxes de níquel, cobre e zinc. Coñécense como pezas de “Maillechort”, en honra aos seus inventores, Camisola e Chorrier. Estas pezas realízanse entre 1878 e 1935.



Este punzón elabórase para aquelas pezas realizadas despois de 1900 que se identifican coa liña do Art Nouveau. Elaboradas en aliaxe a base de estaño ao que se dá a aparencia da prata baixo técnica de pulido.

A pesar de todas as vicisitudes que esta empresa tivo que atravesar, destacando a xa citada Primeira e Segunda Guerra Mundial, non debemos pasar por alto o seu intento por ampliar o seu mercado cara a América e o consecuente establecemento que iso produciu, albergando distintos puntos de venda en todo o mundo. A firma conseguiu o respecto, a admiración e a reputación que a fixo merecedora de presidir o mobiliario de multitude de fogares ilustres, como no caso das irmás Mendoza Babiano.

As pezas Christofle conservadas no Museo de Pontevedra, procedentes do *ab intestato* das irmás Mendoza Babiano ademais de numerosas, son de considerable valor; así nolo certificou Anne Gròs, responsable do Museo Christofle con sede en París<sup>5</sup>. Trátase de obxectos de ourivaría, na súa maioría de alpaca, realizados dentro dunha serie limitada e que conforma unha colección denominada pola Casa Christofle como "*Bord de tulipe*". En total reunimos uns 52 obxectos entre: pratos, froiteiros, ensaladeiras, bandexas, licoreiras, sopeiras, salseiras, pratos de sobremesa, etc. Todos e cada un deles coas súas respectivas marcas e número de edición, elementos que foron fundamentais e axudáronnos a determinar mellor a súa cronoloxía.

Na maioría podemos identificar catro tipos de marcas, aínda que excepcionalmente identificamos outro tipo que xa describiremos máis adiante. Desas catro marcas sabemos que:

	<p>Marca de autor que sempre aparece nas pezas deste xeito, con todas as letras e en maiúsculas.</p>
	<p>Cifra que indica o número de serie. Non o teñen todas as pezas, pero é o cuño determinante para a súa exacta datación. Grazas a el pódese saber en que ano saíu da fábrica.</p>
	<p>Selo que especifica a cantidade de prata en gramos que contén a peza.</p>
	<p>Selo que especifica a cantidade de prata en gramos que contén a peza.</p>
	<p>Marca de fábrica, neste caso da primeira etapa de Christofle, xa que o óvalo non se haxa circunscrito dentro dun cadrado.</p>

5. Anne Gròs, Directora e Responsable do Museo Bouilet Christofle, en París, foi fundamental para determinar a cronoloxía das pezas da colección do museo. A ela queremos trasladarlle o noso máis sincero agradecemento.

As firmas ou cuños de identificación das pezas Christofle adoitan atoparse na parte posterior, tanto nos puntos de apoio como nos bordos exteriores. Na nosa colección, aínda que as pezas seguen unha análise estilístico similar, a cronoloxía é dispar. Todas teñen os bordos decorados coa flor do tulipán e seguen unhas liñas ondulantes que continúan a estética naturalista, tendencia que definía a arte de mediados do século XIX, deixando un pouco á marxe a estética imperativa da arte vitoriana, a cal, ata o momento, rexía os canons ornamentais nas artes decorativas. Christofle nas súas pezas pretende o que moitos arquitectos do momento: sintetizar na súa obra os avances dos sistemas tecnolóxicos, mantendo un gran e refinado detallismo estilístico, elevando á súa vez, a categoría do ourive á de artista e, a liberdade deste como deseñador, co fin de materializar unha arte accesible a todos os extractos sociais.

A continuación, mostramos unha selección dos 52 obxectos que conforman a colección de pezas de ourivaría que o Museo de Pontevedra posúe da firma Christofle:

## PEZAS

### Prato sopeiro

Prato circular de perfil ondulado con motivos florais no seu bordo realizado en metal prateado. Pertencente á colección do "bordo de tulipán".

Obra orixinal da casa Christofle, está rexistrada no Catálogo Xeral de Fabricación da Compañía Christofle coa seguinte denominación: "Plat rond bord tulipes".





## Legumeiro

Recipiente usado para servir legumes, ten o corpo semiesférico e asas con decoración repuxada. Tapa de perfil sinuoso, rematada cunha decoración vexetal. Obxecto con marcas do prateiro Christofle, o selo da marca e, dentro de formas romboidais, a porcentaxe de prata.

Obra orixinal da casa Christofle, está rexistrada no Catálogo Xeral de Fabricación da Compañía coa seguinte denominación: "Légumier et son couvercle, bord tulipes, graine fleur riche".



## Froiteiro

Froiteiro de metal prateado que consta de dúas pezas: un prato circular con perfil ondulado decorado con motivos vexetais e un pé con base circular apoiado en tres patas, sobre o cal se levanta un cilindro que remata nun outra base circular que suxeita o prato. Todo iso con decoración vexetal.

Obra orixinal da casa Christofle, está rexistrada no Catálogo Xeral de Fabricación coa seguinte denominación: " Assiette dorée bord tulipes sur pied tripode feuillagé, tige à xute de piastres".

Podemos atopar réplicas similares segundo o Catálogo Xeral da Casa Christofle nos Palacios Elíseos e na Presidencia da Asemblea Nacional en Francia.



## Prato Sopeiro

Prato pequeno e circular con perfil ondulado, con motivos florais no seu bordo e realizado en metal prateado.

Pertence á segunda fase da pratería Christofel dado que presenta a marca da firma dentro dun cadrado, por tanto, esta peza estaría realizada despois de 1860, e nela aparecerían as iniciais do fabricante CC, unha balanza e a imaxe dunha roseta.

Ademais, figura a marca da gramaxe, ou cantidade de prata que leva dentro dunha casa cadrada. Tamén aparece a marca de autoría, CHRISTOFLE, dentro dun recadro.

Obra orixinal da casa Christofle. Está rexistrada o seu Catálogo Xeral de Fabricación coa seguinte denominación: "Plateau de carafe modèle à tulipes".



## Xogo de seis oveiras

Oveira de base poligonal con seis recipientes, apoiada sobre tres pés e rematada por unha moldura torneada que actúa a modo de asa.

Contén seis recipientes iguais cun pé circular elevado de forma troncocónica e un corpo ovoide liso. Cada recipiente presenta a súa correspondente culleriña.

A peza, orixinal da firma Christofle, está rexistrada o seu Catálogo Xeral de Fabricación coa seguinte denominación: "Porte coquetiers avec coquetiers et cuillers à oeufs à contours, Louis XV, tige tulipes et griffes, 6 coquetiers et 6 cuillers".



## Saleiro con culleriña

Saleiro cilíndrico con dous recipientes apoiado cada un sobre dous pés. Boca rematada por unha moldura decorada e unidos no centro por unha moldura torneada a modo de asa.

Presenta as marcas de autoría, que neste caso recoñécense como a marca do prateiro Christofle, o selo da fábrica e a marca da porcentaxe de prata que contén.

A peza, orixinal da casa Christofle, está rexistrada no Catálogo de Fabricación coa seguinte denominación: "Salière double forme vase, bord tulipes, griffes à roses, tige tulipes".



## Paneira

Paneira de bordo calado con asa elaborada con prata e outras aliaxes, típico dos elementos de ourivaría elaborados dentro da fábrica de Christofle. Esta peza tamén a incluímos dentro da colección "bord de tulipe". Designase así porque está decorada nos seus bordos con flores de tulipán, mediante a técnica do repuxado.

O asa consta na súa parte central dunha flor que pecha a composición. A totalidade da peza sostense sobre un pé con catro apoios, tamén decorados con motivos vexetais. Os furados que contén, o que denominamos "calado", poderían ser elaboradas ben con serra de pelo ou con troquel. Con esta técnica conséguese o efecto de resaltar as partes macizas en metal para diferencialas daquelas partes furadas que non conteñen metal.



### Froiteiro de tres pisos

Froiteiro de tres pisos de alpaca, tamén da colección "bord de tullipe" ou "bordo de tulipán".

Consta de tres pratos superpostos, de maior a menor tamaño, suxeitos por unha estrutura metálica vertical que remata nunha empuñadura adornada con motivos vexetais e xeométricos. Sostense sobre un pé de tres apoios, tamén decorado con motivos vexetais e xeométricos.

Máis que un froiteiro, esta peza do mesmo xeito que outra de similar parecido, utilizábase como centro de mesa. A súa función era sobre todo decorativa, algo propio do costume das mesas francesas. Podemos atopar réplicas segundo o Catálogo Xeral da casa Christofle nos Palacios Elíseos e na Presidencia da Asemblea Nacional en Francia.

Orixinal da firma Christofle, está rexistrado no Catálogo Xeral de Fabricación coa seguinte denominación: "Serviteur muet à 3 assiettes dorées bord tilipes sur pied tripode feuillagé, tige à chute de piastres, bouton bouquet".



### Cunco

Cunco de aliaxe de prata e outros metais da marca Christofle. É unha peza de liñas lisas e puras sen ningún motivo decorativo.



### Prato de sobremesa

Prato realizado mediante contornado e repuxado, tamén da liña "bord de tulippe".

Orixinal da casa Christofle, está rexistrado no Catálogo Xeral de Fabricación da Compañía coa seguinte denominación: "Plateau de carafe modèle à tulipes".



### Ensaladeira

Ensaladeira de metal prateado de marca Christofle. A súa composición e a súa liña son totalmente lisas e sinxelas, sen ningún tipo de decoración.



### Sopeira

Sopeira de alpaca, deseño da colección "bord tulipe". Peza de grandes dimensións en forma oval, cuxa estrutura se atopa apoiada sobre catro pés. A peza consta de dúas asas onde se xoga constantemente cos elementos decorativos, a composición queda pechada por medio dunha tapa que se eleva de forma sinuosa, coroada por unha baga ou pequena piña sobre elementos vexetais. Na tapa do mesmo xeito que no resto dos contornos da sopeira repítese novamente o *leitmotiv* das flores de tulipán, símbolo característico desta liña.



## Salseira

Salseira de pequenas asas sobre prato, con decoración floral nos bordos realizada mediante a técnica do repuxado e con dobreces metálicas na súa estrutura. Da colección "bordo de tulipán", contén as marcas que nos axudan a identificar que se trata dunha aliaxe de prata e outros metais.

Orixinal da casa Christofle, está rexistrada no Catálogo Xeral de Fabricación da Compañía Christofle coa seguinte denominación: "Saucière à 2 becs, à côtes, plateau tulipes avec anses et doublure".



## Prata

Peza de metal prateado para uso doméstico e decorativo. Contén decoración floral nos bordos coa forma do tulipán, elaborados mediante a técnica do repuxado que a clasifican dentro da colección ata agora referenciada.

A peza, orixinal da casa Christofle, está rexistrada no Catálogo Xeral de Fabricación coa seguinte denominación: "Plat ovale bord tulipes".



## Bandexa de entremeses

Peza de metal prateado para uso doméstico e decorativo. Contén decoración floral nos bordos en forma de tulipán.

Orixinal da casa Christofle, está rexistrada no Catálogo Xeral de Fabricación coa seguinte denominación: "Ravier ovale à tulipes, 4 pieds griffe".



### Convoi de dúas botellas de cristal

Estrutura metálica de alpaca tamén da liña "bordo de tulipán". Apóia-se sobre catro pés ornamentados con motivos vexetais e contén unha empuñadura en forma de asa, tamén decorada con elementos vexetais.

Nesta estrutura insírense dúas botellas de cristal lisas con asa, das cales unha atópase fragmentada. Nun dos xogos o cristal dunha das botellas é tallado, mentres que na outra botella e o outro xogo os cristais son completamente lisos. En ambos os xogos o cristal é incoloro.



### Froiteiro- Centro de mesa

Realizado en metal prateado está decorado a base de elementos vexetais. No centro da estrutura represéntase unha escena de caza e na parte superior sitúase a fonte para depositar os alimentos.

A función deste tipo de obxecto, de gran tamaño e elaborado ornato, responde os canons e protocolos sobre como decorar unha mesa á francesa no século XVIII.

Estas pezas adoitan ocupar a parte central das mesas alongadas e, sobre elas, colócanse froitos e plantas que contribúen a aumentar a exuberancia da mesa.



### Prato

Prato de alpaca contornado, en cuxos bordos se dispón unha decoración vexetal, mediante a reprodución de tulipáns. Trátase dunha reinterpretación modernista dun dos modelos de prato máis comúns ao longo do S. XVIII en toda Europa occidental, desde que se empezaron a utilizar na pratería parisiense cara ao ano 1730.

A peza, orixinal da casa Christofle, está rexistrada no Catálogo Xeral de Fabricación da Compañía coa seguinte denominación: "Plat rond bord tulipes".



### **Copa con asas**

Consta de asas prateadas, aros e vasilla pola parte interna. Nos bordos da boca contén a mesma decoración que o resto das pezas da liña. Os tulipáns repítense tamén nas asas e na parte inferior, decorando as patas sobre as que se sostén a peza, xunto a outros motivos vexetais, flores co seu talo que se entrelazan entre si.



### **Erea Castro Alfonso**

Conservadora de Numismática e Medallística  
Museo de Pontevedra